

Entre 'Negra sombra' e o electropop

A poesía fornece de textos á canción popular dende o XIX

D. S. | 25 ABR 2008

Archivado en: [Poesía](#) [Literatura](#) [Música](#) [Cultura](#)

Na conexión dun alalá do Incio e un poema de Follas Novas, por iniciativa do músico Xoán Montes, orixinouse talvez a música pop galega con base na literatura. Até o mismísimo Ry Cooder emprestou, un século despois, a súa guitarra slide á versión de Negra sombra que gravaran Luz Casal e Carlos Núñez para o elepé A irmandade das estrelas. A celeberrima melodía que acompaña ao texto do desacougo de Rosalía estreouse no Gran Teatro de La Habana contra 1892.

A fortuna pop de Rosalía esténdese no tempo até o penúltimo experimento do pianista Abe Rábade. O proxecto Rosalía XXI, que tamén se deu ao público na capital cubana pero en febreiro deste ano, combina o cuarteto de jazz de Rábade co recitado do escritor Anxo Angueira e a voz de Guadi Galego. O post-bop atravesa os dez textos de Rosalía escolmados por Angueira.

Pero foi o berciano Amancio Prada quen, en 1975, e apenas servido de guitarra e do violoncello de Eduardo Gattinoni, elevou á popularidade 12 poemas da autora de Cantares Gallegos. Para Noel Feáns, que lembra ao británico Nick Drake ao falar do Prada dos 70, o músico "apropiouse de tal xeito dos poemas de Rosalía que a xente os coñece sobre todo polas súas versións". Rosalía de Castro retorna unha vez e outra ao panorama pop. Se en 1975 Luís Emilio Batallán engadía notación musical a l a nosa señora detrás do tonel no mítico disco folk-pop Ahí vén o maio (1975), a banda da Estrada Nao traslada o poema A xusticia pola man a paraxes neo-metal.

Cando Juan Pardo excede a etapa de mod, aquela na que guitarreou nos Vándalos ou nos Brincos, e o seu dúo con Júnior, pasou uns anos de tentación engagé, antes de entregarse á canción melódica e á política conservadora. Galicia miña nai dos dous mares titúlase o seu esquecido longa duración de 1976, no que aparece retratado ao carón de Rosalía, Eduardo Pondal ou Castelao e canta versos de Cabanillas: "A oliva nunha man, a fouce noutra / berremos alto e forte / A nosa terra é nosa!".

Pardo aproveitaba, para Galicia miña nai..., certa vaga mobilizada por Voces Ceibes e polo posterior Movemento Popular da Canción Galega. Benedicto, líder nas dúas experiencias, tardaría un ano en editar o seu primeiro disco longo, Pola unión, que popularizou o poema homónimo de Manuel Curros Enríquez. Bibiano, sempre máis inclinado ás músicas anglosaxonas de raíz progresiva, valíase en Estamos chegando ao mar (1976) de Uxío Novoneyra para render homenaxe a Amador Niebla e Daniel Rey, os obreiros asasinados pola policía franquista o 8 de marzo de 1972 en Ferrol.

De Voces Ceibes aboiaba igualmente Miro Casabella con Ti, Galiza (1977), no que os textos corrían a conta de Xavier Costa-Clavell ou Luís Pimentel. Na esteira da música de intervención estaba Suso Vaamonde. ...Nen rosmar un laído, directo do mesmo ano do punk en Londres, incluía poemas de Darío Xohán Cabana, Valentín Lamas Carvajal, Bernardino Graña ou Manuel María. Para o grupo Fuxan os Ventos ou mesmo para os últimos Milladoiro -que dedicaron o seu disco de 2007 a Manuel María- tamén funcionaron de letristas poetas de tendencia. Los Tamara, a orquestra case soul que vestía a voz de Pucho Boedo, puxera na rúa o elepé Miña Galicia terra verde (1974) no que cantaban, outra volta, a Rosalía, Curros e Celso Emilio, pero fóra das coordenadas austeras dos cantautores.

Na hexemonía hedonista que sucedeu á consolidación do réxime autonómico, a traída e levada movida, versión autóctona da new wave, a exhumación de poéticas de combate cedeu protagonismo ao talento dun Antón Reixa á fronte dos Resentidos. No hemisferio norte, A Coruña, Radio Océano explicaba ao xeito de Joy Division un texto ad hoc de Lois Pereiro, Terra Cha. Mesmo, xa nos 90, a facción mol do heavy, os Astarot do Morrazo, aguzaron guitarras e voces cun lunático Adiós ríos, adiós fontes rosaliano.

Mais o premio á ousadía corresponde a Fusquenlha, que a finais dos 90 levaron a territorio drum'n'bass, electrónica política, o Reclamo a liberdade pró meu pobo que pechaba Con pólvora e magnolias, de Xosé Luís Méndez Ferrín.